

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Elección de xuíz/a de paz substituto/a do Concello de Vedra

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm. 366/25, de data 05.05.2025, aprobouse a convocatoria para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a do Concello de Vedra, de acordo coas seguintes bases:

1.- Obxecto da convocatoria

Elección de Xuíz/Xuíza de Paz Substituto/a do Concello de Vedra daquela persoa candidata que o Pleno do Concello considere máis axeitada para as tarefas propias do cargo.

O mandato terá unha duración de catro anos, a contar dende a data de nomeamento que efectúe a

Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A convocatoria rexerase , ademais de polo establecido nas presentes bases, polo disposto na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX), na Lei 38/1998, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial (LDPX), no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (RXP) e demais normativa aplicable.

2.- Requisitos dos aspirantes:

Poderán participar no proceso de elección de Xuíz/Xuíza de Paz Substituto/a as persoas que reúnan os seguintes requisitos :

a)- Ser española.

b)- Ser maior de idade.

c)- Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial.

d)- Non estar incurso nalguna das causas de incompatibilidade e prohibicións reguladas na Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial (artigos 389-397), e de conformidade co previsto nos artigos 14 e seguintes do Regulamento núm. 3/1995 de Xuíces de Paz.

e)- Residir en Vedra. A estes efectos debe terse en conta que segundo o artigo 17 do RXP, os/as Xuíces/Xuízas de Paz deberán residir na poboación onde teña a sede o Xulgado de Paz, porén a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza do que dependen poderá autorizar por causas xustificadas a residencia en lugar distinto, sempre que sexa compatible co exacto cumprimento dos deberes propios do cargo.

Incapacidades: De acordo co disposto no artigo 303 da LOPX están incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

Incompatibilidades: De conformidade co artigo 14.1 do Regulamento dos Xuíces de Paz, durante o seu mandato os/as Xuíces/Xuízas de Paz, estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 -3 97 da LOPX, no que lles sexa aplicable.

En todo caso, segundo o apartado 14.2 do citado Regulamento, os/as Xuíces/Xuízas de Paz terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

a) A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.

b) O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos seus deberes xudiciais.

De conformidade co artigo 389 da LOPX e no artigo 14 do RXP, o cargo de Xuíz/a de Paz é incompatible:

- a) Co exercicio de calquera outra xurisdición allea ao Poder Xudicial.
- b) Con calquera cargo de elección popular ou designación política do Estado, Comunidades Autónomas, Provincial e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera deles.
- c) Cos empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Administración do Estado, as Cortes Xerais, a Casa Real, Comunidades Autónomas, Provincias, Municipios e calquera entidade, organismo ou empresa dependente duns ou outras.
- d) Cos empregos de toda clase nos Tribunais e Xulgados de calquera orde xurisdiccional.
- e) Con todo emprego, cargo ou profesión retribuída, agás a docencia ou investigación xurídica, así como a produción e creación literaria, artística, científica e técnica, e as publicacións derivadas daquela, de conformidade co disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Co exercicio da avogacía e da procuradoría.
- g) Con todo tipo de asesoramento xurídico, sexa ou non retribuído.
- h) Co exercicio de toda actividade mercantil, por si ou por outro, agás o establecido no artigo 14.2.b) do RXP
- i) Coas funcións de director, xerente, administrador, conselleiro, socio colectivo ou calquera outra que implique intervención directa, administrativa ou económica en sociedades ou empresas mercantís, públicas ou privadas de calquera xénero.

3.- Presentación de solicitudes: Lugar, prazo e documentación

As persoas interesadas en optar ao cargo deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles a partir da publicación do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, a súa solicitude, en modelo normalizado (Anexo I), debendo achegar á mesma a seguinte documentación:

- 1º.- Fotocopia do DNI.
- 2º.- Certificado de antecedentes penais.
- 3º.- Declaración responsable de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo (Anexo II)
- 4º.- Xustificación dos méritos que se aleguen , de ser o caso.

A convocatoria tamén se publicará no taboleiro de anuncios do concello, na web municipal (<https://concellodevedra.es>) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica, no Rexistro xeral do concello, en horario de 09:00 -14:00 horas, ou por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste caso comunicáraselle ao concello a remisión da solicitude dentro do prazo de presentación de solicitudes, ao enderezo de correo electrónico correo@concellodevedra.gal , achegando copia do resgardo de presentación da solicitude, indicado como asunto: elección Xuíz/a de Paz Substituto/a do Concello de Vedra. De non cumprirse co requisito de comunicación a solicitude non será admitida, no caso de que se reciba con posterioridade á data no que remate o prazo sinalado nestas bases.

Se algunha solicitude adolece dalgún defecto emendable, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de des días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non fixera terase por desistida da súa solicitude, previa resolución nos termos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

4.- Retribución do cargo

Conforme ao disposto no artigo 103.1 da LOPX os/as Xuíces/Xuízas de Paz serán retribuídos/a polo sistema e na contía que legalmente se estableza.

5- Procedemento de elección

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, polo Pleno do concello procederase á elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación.

Se non houber solicitudes, o Pleno elixirá libremente con suxeición aos mesmos requisitos de procedemento.

O acordo plenario será remitido ao Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago, que o elevará á Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que efectuará o seu nomeamento por un período de catro anos.

6.- Recursos

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados nos prazos e na forma establecida na lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vedra, 5 de maio de 2025

O Alcalde –Presidente

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

D.Dª, maior de idade, de nacionalidade española, con DNI, domicilio, C.P. localidade....., teléfono, correo electrónico

EXPÓN

Que enterado/a da convocatoria realizada para a elección de XUIZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A DO CONCELLO DE VEDRA, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. de data, e reunindo os requisitos esixidos na convocatoria

SOLICITA

Que sexa admitida a súa solicitude para desempeñar o citado cargo, achegando a estes efectos a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI
- b) Certificado de antecedentes penais
- c) Declaración responsable (Anexo II)
- d) Xustificación dos méritos que alegue para a súa elección

(Lugar e data)

Asdo.

SR ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D.Dª, maior de idade, de nacionalidade española, con DNI, domicilio, C.P. localidade....., teléfono, correo electrónico

DECLARO

- Que son español/a maior de idade
- Que non estou impedido/a física o psiquicamente para a función xudicial
- Que resido ou vou residir en Vedra, salvo autorización da Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Que non fun condenado/a, procesado/procesada ou inculcado/a por delito doloso
- Que me atopo en pleno exercicio dos meus dereitos civís
- Que non estou incurso/a en algunha das causas de incompatibilidade ou das prohibicións recollidas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, para o exercicio do cargo

(Lugar e data)

Asdo.

2025/2807